

Erasmus gandeiro: saber da práctica agropecuaria de aquí e de acolá

Os chairegos Adrián, Antón e Bernardo, alumnos do ciclo medio de Producción Agropecuaria da Efa Fonteboa, veñen de pasar tres meses formándose en Normandía



[photo_camera](#)Antón, Adrián e Bernardo. EP

CRISTINA PÉREZ

30/JUN./22

O ciclo medio de Producción Agropecuaria no Centro de Promoción Rural Efa Fonteboa. Eses foron os estudos escollidos para o curso 2021/2022 polos chairegos Adrián Fernández Gómez, cospeités de **Goá** de 16 anos; Bernardo García, **murés** de 17 anos; e Antón Chaín Murado, pastoricense de **Baltar** de 20 anos.

Aos tres os levou a compartir clase a Coristanco o seu gusto polos animais, o seu desexo de formarse no sector agropecuario e o seu propósito de **darlle continuidade as respectivas ganderías familiares**. Os tres veñen tamén de vivir unha desas experiencias que quedan con un para o resto da vida: botaron tres meses en distintas granxas da rexión francesa de Normandía, coñecendo o día a día da súa forma de manexar o gando e as terras. E os tres contestan cun rotundo "si, completamente, ao 100%", ás preguntas de se repetirían e de se llo recomendarían a outras persoas.



Adrián, en Normandía. EP

Adrián leva toda a súa curta vida rodeado de vacas. Medrou na gandería familiar **Fulieiro SC**, que supera as 200 cabezas de leite e nela quere quedar. Pero antes, teno claro, "hai que aprender e formarse". Por iso, cando acabe o ciclo medio, do que lle resta o segundo ano, gustaríalle matricularse no superior de Gandería e Asistencia en Sanidade Animal.

El foi o alumno máis novo de Fonteboa en participar no Erasmus, e abofé que aproveitou unha oportunidade que, como el mesmo di, "non che dan todos os días". "Aportoume tanto a nivel persoal como de formación", asegura, e detalla con aquilo que queda: "O cariño da familia, aprender un idioma e aprender a vivir fóra da casa tres meses".

E claro, tamén está a práctica gandeira de **Gaec Du Bois Janvier**, unha explotación de vacún de carne e de leite, que cría touros para o sacrificio e dedica grandes superficies ao cultivo de trigo. "Tiñan 120 vacas en ordeño, 144 novillas, 207 machos para criar ata os dous anos, 67 novillas de blonde de Aquitania e 25 nais blonde", enumera Adrián sobre esta granxa familiar na que se sentiu coma na casa, tanto que xa ten o billete para irles facer unha visita sorpresa este verán.



Bernardo, en Normandía. EP

O seu compañeiro **Bernardo**, cuxo pai e tío teñen **exemplares de carne nos montes de Muras**, escolleu Fonteboa pola súa oferta lectiva, e a oportunidade de viaxar a Normandía foi un plus que non quixo desaproveitar. Conviviu tres meses en **Earl Les Trembles**, unha gandería familiar na que a parella titular "tiña o fillo asalariado para traballar" no manexo de 60 cabezas de carne e na produción de mazás nunha finca de 18 hectáreas, ás que suman outras 240 de plantacións de trigo, millo ou cebada. "A cantidade de cultivos chamoume moito a atención", di sobre unha experiencia "moi boa" que lle permitiu "aprender un novo idioma".

Porque tres meses dan para moito, e senón que llo digan a **Antón**, que a falta dunha, tivo dúas vivencias distintas. Procedente da **SAT Murado Portela**, á que prevé incorporarse o ano que vén, da que forman parte seu pai e seu tío e que supera os 400 animais, cursou Bac e logo apostou por ir a Fonteboa "porque din que é un centro moi bo".



Antón, en Normandía. EP

"Estivo moi ben, aprendín moitas cousas que non sabía, sobre xenética, o manexo dos animais...", explica dun programa Erasmus no que tiña claro dende o primeiro día de clase que quería participar. "Deume a nota para ir e lanceime á aventura", apunta. E mereceu a pena.

Pasou por **Gaec La Metrie**, onde muxían 110 vacas, tiñan 60 touros en venda e 100 cabezas de recría, ademais de atender unha pequena granxa de porcos "que vendían en persoa".

As outras seis semanas estivo nunha **gandería de carne**, con máis 400 reses de raza blonde de Aquitania, das que 220 cabezas eran nais, preto de cen eran touros —sacrificábanos ao redor dos doce meses— e outras tantas, recría. Posuían ademais 210 hectáreas de terreno, a metade para ter pasto todo o ano, unhas 50 para forraxe para eles durante o inverno e o resto dedicadas ao cultivo de trigo para a venda, segundo detalla Antón.

"O que máis me sorprendeun foron eses grandes cultivos que teñen aló que aquí é case imposible, ter unha finca de 35 hectáreas aquí é imposible", lamenta o pastoricense, que fai fincapé tamén noutros aspectos da experiencia, coma a similitude do clima pero as moitas diferenzas culturais (...e gastronómicas).

E como non todo ía ser traballar, tamén compartiron tempo de ocio na *bolera* ou nas festas do pobo, ademais de xuntárense alá algunha que outra fin de semana por iniciativa dos responsables de coordinar o Erasmus, un centro da zona que sería o equivalente a Fonteboa en terras normandas e que tamén envía alumnos para formarse aquí igual que os chairegos van acolá.

Dobre obxectivo: Coñecemento e inmersión

"O obxectivo é que descubran formas de traballar fóra do propio país: o manexo do gando, a estrutura das explotacións, a rotación de cultivos... que poidan comparar e traer o que lles interese", di José Gil, profesor de Fundamentos Agronómicos en Fonteboa, coordinador de FP e encargado das mobilidades de Erasmus, que teñen dúas modalidades: as de longa duración, de tres meses —este curso foron oito alumnos, cinco de primeiro (entre eles os tres chairegos), e tres de segundo—; e as de curta, de tres semanas.

Inmersión

"Os rapaces queren ir, é unha experiencia moi boa e son esponxas", explica o profesor, aludindo á importancia da inmersión lingüística —"pasan as 24 horas con xente que só fala francés"— e cultural —"ven como viven, as afeccións, a vida social..."— que ofrecen eses programas, nos que teñen un profesor asignado que fala español e un centro homólogo que os supervisa.

Intercambio

Mentres Antón e Adrián estiveron en Normandía, nas súas granxas recibiron alumnos de Bretaña no que tamén foi unha "experiencia única" para as súas familias.

50%

José Gil alude tamén a un cambio de tendencia nos ciclos agrarios. "Antes só viñan rapaces que tiñan gandería, pero agora o 50% non ten nada na casa", di, incidindo en que "o campo agora é máis atractivo ca antes" e vese coma unha saída laboral.